

Información Normalizada Europea sobre o Crédito ao Consumo- Tarxeta de crédito Aplazame

Aplicable á tarxeta de crédito Aplazame emitida por WiZink.

Nota: as informacións resaltadas neste documento son especialmente relevantes.

Nota 2: as palabras ou grupos de palabras escritos con letra inicial en maiúscula aparecen definidos nun glosario ao final deste documento.

1. Identidade e detalles de contacto do Prestamista e/ou Intermediario

Prestamista.	WiZink Bank, SAU
Enderezo.	C/ Ulises, 16-18, 28043 Madrid España
Enderezo de páxina web.	www.wizink.es

2. Descrición das características principais do produto de crédito

Tipo de crédito.	Tarxeta de crédito.
<p>Importe total do crédito. É dicir, o importe máximo ou a suma de todas as cantidades postas a disposición do consumidor no marco dun Contrato de Crédito.</p>	<p> <input type="checkbox"/> Ata 1.500€ <input type="checkbox"/> Ata 3.000€ <input type="checkbox"/> Ata 4.500€ <input type="checkbox"/> Ata 6.000€ </p> <p>O Límite de Liña de Crédito será asignado segundo a avaliación de crédito e solvencia que efectúe o Banco dependendo das características particulares do consumidor solicitante, cun límite máximo inicial igual ao sinalado anteriormente. Para asignar un límite de crédito entre 3.001€ e 6.000€, será necesario a entrega previa de proba de ingresos válida.</p> <p>A principal característica dos créditos rotativos é o establecemento dun límite de Liña de Crédito cuxo dispoñible coincide inicialmente co devandito límite, que diminúe segundo se realizan cargos (compras, disposicións de efectivo en caixeiros, disposicións por transferencia de efectivo, liquidacións de xuros e gastos e outros) e se repón con aboamentos (pagamento dos recibos periódicos, devolucións de compras, etc.). Polo tanto, as contías das cotas que o Titular da tarxeta aboa de forma periódica volven formar parte do crédito dispoñible deste.</p>
<p>Condicións que rexen a disposición de fondos. É dicir, cando e como o consumidor obterá o diñeiro.</p>	<p>Unha vez aprobado o contrato, o Banco pon a disposición do Titular un determinado Límite de Liña de Crédito que poderá ser disposto ben de forma directa con aboamento na conta na que teña domiciliados os pagamentos ou por disposicións de efectivo en caixeiros, ou ben para pagamento a terceiros en comercio ordinario ou electrónico ou mediante unha tarxeta emitida polo Banco a nome dunha persoa física (Titular). O Titular poderá solicitar tarxetas adicionais a nome dunha ou máis persoas físicas que el designe, supoñendo a aceptación por parte do Titular dos cargos derivados da utilización das tarxetas adicionais.</p>

<p>Condições que rexen a disposición de fondos.</p>	<p>O Titular poderá realizar coa tarxeta, cos límites e condicións establecidos en cada momento, as seguintes operacións:</p>
<p>É dicir, cando e como o consumidor obterá o diñeiro.</p>	<p>a) Pagar bens e servizos en calquera dos establecementos adheridos aos Sistemas Visa / MasterCard (Compras en comercios físicos ou por Internet). b) Dispoñer de efectivo en caixeiros automáticos e en oficinas concertadas. c) Realizar disposicións por transferencias de efectivo.</p>
	<p>Todas estas operacións poderán ser efectuadas ben mediante o uso da tarxeta, ben mediante calquera outro instrumento de pagamento que o Banco poida poñer a disposición do Titular</p>
	<p>O Titular autoriza as operacións mediante o seu consentimento, que poderá dar de forma expresa ou tácita. O citado consentimento haberá de ser prestado mediante a firma do correspondente comprobante, mediante a introdución do código PIN da tarxeta ou calquera método de autenticación biométrica aceptable conforme a dereito (firma biométrica, pegada dixital, etc.) que o Banco puidese implementar tanto no establecemento comercial como no caixeiro automático que corresponda. Para os pagamentos en comercios electrónicos, poderémosche esixir a utilización dun código de verificación específico para cada operación que recibirás no teu teléfono móbil. Alternativamente, nos supostos nos que o Banco introduciuse a tecnoloxía denominada Contactless ("pagamentos sen contacto") nas súas tarxetas e os establecementos estean adaptados á citada tecnoloxía, permitiranse os pagamentos polo importe fixado en cada momento polo Banco sen necesidade de validar a operación mediante PIN, firma de comprobante nin introdución da tarxeta nun terminal de pagamento. O Banco reserva a facultade de suspender a funcionalidade Contactless da tarxeta, o que poñerá en coñecemento do Titular coa debida antelación. O importe da operación será o que figure nas facturas de compra autorizadas polo Titular ou, no caso de caixeiros ou terminais automáticos, o que quede rexistrado nos comprobantes que para tal efecto expida o caixeiro ou terminal.</p>
	<p>O banco devolverá ao cliente, sen demora inxustificada, o importe das operacións de pagamento non executadas ou executadas de forma defectuosa e, no seu caso, restablecerá o saldo da conta á situación en que estivese se non tivese lugar a operación defectuosa.</p>
<p>Duración do Contrato de Crédito.</p>	<p>O contrato de tarxeta de crédito é de duración indefinida e, como consecuencia, continuará vixente ata que non sexa resolto polo Titular, o que poderá realizarse en calquera momento, sen necesidade de preaviso, debendo cumprir o Banco coa citada instrución nun prazo inferior a 24 horas dende a solicitude do Titular e devolvendo as tarxetas invalidadas. Igualmente, o Banco poderá dar por rematado o contrato de tarxeta, en calquera momento e sen necesidade de alegar causa ningunha, mediante preaviso por escrito ao Titular con, polo menos, dous meses de antelación.</p>
	<p>En caso de resolución do contrato, e respecto das comisións e gastos previstos neste que se cobren periodicamente, o Titular só aboará a parte proporcional destes ata a data de resolución. Se os devanditos gastos e comisións se pagasen por anticipado, o Banco deberá reembolsarllos de maneira proporcional ao Titular.</p>

<p>Duración do Contrato de Crédito.</p>	<p>Así e todo, o plástico da tarxeta utilizada para dispoñer do crédito ten un prazo de validez limitado, que figura impreso nela, non podendo ser utilizada con posterioridade. Antes de que se produza a súa caducidade, o Banco fará chegar ao Titular unha tarxeta que substitúa a antiga. Será facultade do Banco renova-la ao seu vencemento. En todo caso, o Titular debe destruír a tarxeta despois deste prazo. Se non o fai, serán do seu cargo todas as disposicións que se realicen con data posterior.</p>
<p>Os prazos e, no seu caso, a orde en que se realizarán os pagamentos a prazos.</p>	<p>Deberás pagar o seguinte: O Titular pode decidir, ben na data de solicitude ou da activación, ben mediante comunicación ao Banco con polo menos catro (4) días hábiles de antelación á Data de Pagamento dos Recibos mensuais, entre as seguintes modalidades de pagamento:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● PAGAMENTO TOTAL: supón o pagamento mensual do 100% das Transaccións realizadas no Período de Facturación así como, no seu caso, as comisións e gastos, as primas de seguros contratados que se xerasesen no citado Período, e a cota correspondente aos Servizos Adicionais de Pagamento Aprazado contratados. Esta modalidade de pagamento non xera xuros. ● PAGAMENTO APRAZADO DE CANTIDADE FIXA: supón o aprazamento do pagamento do Principal Disposto derivado da utilización da tarxeta, elixindo a cantidade fixa que o Titular quere pagar ao mes. Ten carácter rotativo. <p>O importe total pagadeiro na Data de Liquidación non se verá incrementado coa cota correspondente aos Servizos Adicionais de Pagamento Aprazado no seu caso contratados, sen prexuízo de que a cantidade fixa elixida se aplica ao pagamento da citada cota.</p> <p>En caso de que o importe elixido como cantidade fixa fose inferior ao do Pagamento Mínimo, tal e como este se define no Glosario de termos utilizados do presente documento, o importe do Recibo será o do Pagamento Mínimo.</p> <p>Esta modalidade de pagamento aprazado de cantidade fixa xerará os correspondentes xuros ao tipo nominal anual aplicable en cada momento que se indica no presente documento.</p> <p>Se o titular non indicase expresamente unha modalidade de pagamento no momento de solicitar/activar a Tarxeta de Crédito, entenderase que opta pola modalidade de PAGAMENTO TOTAL.</p> <p>Independentemente da modalidade de pagamento que o Titular elixise, o Banco ofrece a este os seguintes servizos adicionais ("Servizos Adicionais de Pagamento Aprazado") que che permitirán aprazar o pagamento dunha ou varias Transaccións, que deberán ser en cada caso acordados co Banco:</p> <p>(i) Plan Aplaza: o Titular poderá acordar co Banco o aprazamento dunha ou varias compras (a partir dun determinado importe), devolvendo este importe a través de cotas mensuais fixas que incluírán, ademais do capital, os xuros e/ou comisións aplicables. O tipo de xuro aplicable (TIN) estará dentro do seguinte rango: dende TIN 0% ata TIN aplicable á Tarxeta en cada momento para disposicións por compras. A comisión de Apertura é de 25€ máximo.</p>

Os prazos e, no seu caso, a orde en que se realizarán os pagamentos a prazos.

(ii) Traspaso de efectivo con pagamento en cotas fixas: o Titular poderá acordar co Banco o traspaso dun importe determinado da súa Liña de Crédito á Conta Corrente de Domiciliación, devolvendo este importe a través de cotas mensuais fixas que incluírán, ademais do capital, os xuros e/ou comisións aplicables. O tipo de xuro aplicable (TIN) estará dentro do seguinte rango: dende TIN 6,90% ata TIN aplicable á Tarxeta en cada momento para disposicións por compras. A comisión de apertura é de 25€ máximo. En canto ao prazo de reembolso, este poderá ser entre 3 meses e 96 meses.

Os xuros serán calculados:

En caso de aprazamento do pagamento, o Principal Disposto xera xuros, que se producen diariamente e se liquidan cada mes baseándose nos días efectivamente transcorridos e se calculan conforme a un ano natural de 365 días, 366 se o ano fose bisesto. A data de valor dos cargos será a da transacción, producíndose xuros ata o día do seu pagamento efectivo. Os xuros calcúlanse segundo a fórmula seguinte: $x = (c.r.t)/365$ (366 se o ano fose bisesto), onde c = saldo medio do Período, r = tipo de xuro nominal anual, t = número de días naturais do Período liquidatorio. Á cota mensual de pagamento aprazado engadiránselle os xuros que correspondan e as comisións e gastos, no seu caso, asociadas ás operacións realizadas.

WiZink calcula a diario os xuros sobre o Principal Disposto Diario, excluídos os xuros, a prima do seguro de pagamentos protexidos e as comisións e gastos, se os houber.

En determinadas circunstancias, os xuros xerados no citado Período de Facturación reportaranse ao tipo nominal anual aplicable nese momento, pero non se incluírán no Recibo correspondente, diferíndose o seu pagamento ao Período de Facturación seguinte, como, por exemplo:

- Cando no Período de Facturación, o importe dos movementos de aboamento na Conta de Tarxeta iguale ou supere o saldo ao inicio do devandito Período.
- Cando cambies a túa forma de pagamento de "Pagamento total" á forma de "Pagamento aprazado de cantidade fixa", de acordo co previsto no contrato.

Non obstante o anterior, no suposto de que o Titular contratase algún dos Servizos de Pagamento Aprazado, non se producirán xuros dende a súa contratación ata o peche do Período de Facturación en curso, nin tampouco se xerará a primeira cota correspondente ao citado período. A partir dese momento, comezará o reporte de xuros, utilizándose para a súa liquidación períodos de 30 días sobre unha base de cálculo de 360 días, e deberanse as cotas do servizo contratado.

<p>Os prazos e, no seu caso, a orde en que se realizarán os pagamentos a prazos.</p>	<p>Xuros e/ou gastos que deberá pagar o consumidor da maneira seguinte: Os pagamentos do Titular imputaranse de acordo coa seguinte prelación entre os diferentes usos da Tarxeta de Crédito: cotas de Servizos Adicionais de Pagamento Aprazado, Crédito Disposto Total relacionado con promocións e ofertas á Data de Liquidación e Crédito Disposto Total á Data de Liquidación. A amortización seguirá, á súa vez, a seguinte orde: xuros (aplicándose primeiro as cantidades suxeitas ao tipo de xuro máis alto e en orde descendente), comisións e gastos, prima do seguro de protección de pagamentos, se se contratar, e o Principal Disposto. No caso de que se producisen excedidos sobre o Límite da Liña de Crédito, a amortización aplicarase primeiro aos importes excedidos de cada un dos importes indicados seguindo a mesma orde.</p> <p>No caso de impagos, a orde farase por Recibos, comezando polo Recibo impagado máis antigo. En todo caso, o pagamento imputarase en primeiro lugar ao importe correspondente ao Pagamento Mínimo.</p>
<p>Importe total que deberás pagar. É dicir, o importe do capital prestado máis xuros e posibles gastos relacionados co teu crédito.</p>	<p>O importe total pagadeiro será o Principal Disposto máis os xuros que se puidesen xerar en función da forma de pagamento e as comisións e gastos, e primas de seguros de pagamentos nas que puidese incurrir o Titular, así como no seu caso as cotas dos Servizos Adicionais de Pagamento Aprazado.</p>
<p>Os reembolsos non supoñen a inmediata amortización do capital.</p>	<p>O presente contrato non prevé unha garantía de reembolso do importe total do crédito do que se dispuxese en virtude do contrato.</p>
<p>Tipo de divisa.</p>	<p>A divisa de referencia para os pagamentos será o euro.</p>

3. Custos do crédito

<p>O tipo debedor que se aplica ao Contrato de Crédito.</p>	<p>Tipo de Xuro Nominal Anual para Compras: 21,58%. Tipo de Xuro Nominal Anual para Disposicións por Transferencia de efectivo e Disposicións de efectivo en caixeiros: 20,93%.</p>
<p>Taxa anual Equivalente (TAE) A TAE é o custo total do crédito expresado en forma de porcentaxe anual do importe total do crédito. A TAE serve para comparar diferentes ofertas.</p>	<p>Pagamento total: TAE: 0% a) Pagamento aprazado para disposición por compras TAE: 23,85%</p> <p>Se concorresen as seguintes circunstancias:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Límite de crédito concedido de 1.500€. • Cómputo de tempo sobre a base dun ano de 365/366 días. • Disposición total do límite de crédito concedido mediante compras dende o primeiro día de vixencia do contrato de Tarxeta de Crédito. • Amortización total do límite de crédito concedido en 12 cotas fixas mensuais. • Vixencia do crédito durante o período de tempo acordado e cumprimento das respectivas obrigas das partes nas condicións e prazos acordados neste contrato. • Mantemento do tipo de xuro nominal e dos demais gastos ao nivel inicial. <p>Neste caso, o Titular pagaría: 11 cotas mensuais de 140,09€ e unha última cota de 140,07€, sendo o importe total debido que pagarías ao final do ano de 1.681,06€ (dos cales os xuros serán 181,06€).</p>

**Taxa anual
Equivalente (TAE)**

A TAE é o custo total do crédito expresado en forma de porcentaxe anual do importe total do crédito. A TAE serve para comparar diferentes ofertas.

b) Pagamento aprazado para disposición de efectivo en caixeiros: TAE: 23,85% (no cálculo da TAE tívoise en conta a comisión de 5€ correspondente a este servizo).

Se concorresen as seguintes circunstancias:

- Límite de crédito concedido de 1.500€.
- Cómputo de tempo sobre a base dun ano de 365/366 días.
- Disposición total do límite de crédito concedido mediante disposición de efectivo en caixeiro dende o primeiro día de vixencia do contrato de Tarxeta de Crédito.
- Amortización total do límite de crédito concedido en 12 cotas fixas mensuais.
- Vixencia do crédito durante o período de tempo acordado e cumprimento das respectivas obrigas das partes nas condicións e prazos acordados neste contrato.
- Mantemento do tipo de xuro nominal e dos demais gastos ao nivel inicial.

Neste caso, o Titular pagaría: 12 cotas mensuais de 139,62€ sendo o importe total debido que pagaría ao final do ano de 1.680,44€ (dos cales os xuros serán 175,44€ e as comisións serán 5€).

c) Pagamento aprazado para disposición por transferencia de efectivo: TAE: 23,85% (no cálculo da TAE tívoise en conta a comisión de 5€ correspondente a este servizo).

Se concorresen as seguintes circunstancias:

- Límite de crédito concedido de 1.500€.
- Cómputo de tempo sobre a base dun ano de 365/366 días.
- Disposición total do límite de crédito concedido mediante disposición por transferencia de efectivo dende o primeiro día de vixencia do contrato de Tarxeta de Crédito.
- Amortización total do límite de crédito concedido en 12 cotas fixas mensuais.
- Vixencia do crédito durante o período de tempo acordado e cumprimento das respectivas obrigas das partes nas condicións e prazos acordados neste contrato.
- Mantemento do tipo de xuro nominal e dos demais gastos ao nivel inicial.

Neste caso, o Titular pagaría: 12 cotas mensuais de 139,62€ sendo o importe total debido que pagaría ao final do ano de 1.680,44€ (dos cales os xuros serán 175,44€ e as comisións serán 5€).

<p>É obrigatorio para obter o crédito en si, ou nas condicións ofrecidas, tomar unha póliza de seguros que garanta o crédito, ou outro servizo accesorio? Se os custos destes servizos non son coñecidos do prestamista, non se inclúen na TAE.</p>	<p>Non.</p>
<p>Custos relacionados.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Comisión de Emisión ou Mantemento: 0€. • Gasto por reclamación de cota impagada. Polas xestións que realicemos para a recuperación da débeda impagada: 25€ primeiro Período de Facturación impagado, 35€ sucesivos Períodos de Facturación impagados se o saldo é distinto. Este gasto non será repercutido naqueles casos en que a débeda sexa inferior a 400€. • Comisión por emisión e envío de duplicados de extractos a petición do Titular e/ou representante/autorizado. Non supoñerá custo cando o duplicado correspondese ao extracto anterior á data de solicitude. Lembra que os extractos dos últimos 12 meses están ao teu dispor na túa área privada da web: 2€ por extracto. • Comisión por emisión e envío de duplicado de tarxeta: 10€. • Comisión por disposición de efectivo en caixeiros nacionais e internacionais ou por transferencia de efectivo: 5€. Adicionalmente, repercutirémosche o 100% da comisión que estableza a entidade propietaria do caixeiro. Esta comisión amosarase, para a túa autorización, na pantalla do caixeiro antes de finalizar a operación. En www.wizink.es/public/informacion-legal/intereses-y-comisiones atoparás a relación de entidades onde WiZink ten un acordo e o importe da comisión en cada caso. • Servizo Alertas. Notificacións ao móbil por compras e disposicións de efectivo e outras notificacións a petición do Titular: 1,5€ mensual. • Comisión de apertura dos Servizos Adicionais de Pagamento Aprazado. Polas xestións que supón a apertura deste servizo: 25€ máximo. • Comisión por cancelación anticipada dos Servizos Adicionais de Pagamento Aprazado: 1% sobre o importe do crédito reembolsado anticipadamente (0,5% cando o prazo pendente sexa igual ou inferior a un ano). • Comisión pola emisión e envío dunha tarxeta adicional a solicitude do Titular Principal: 10€. • Comisión por cambio de divisa das disposicións ou compras realizadas en moeda diferente ao euro sobre o importe da compra ou disposición en divisa distinta ao euro: 2% • Comisión polos servizos de tramitación de cambio de contrato: 10€. • Gasto de franqueo por emisión de extracto en papel: 0,30€. Lembra que os extractos dos últimos 12 meses están ao teu dispor na túa área privada da web. • Comisión por recarga de fondos en tarxeta ou conta doutra entidade: 2€.

<p>Importe dos custos por utilizar un medio de pagamento específico (por exemplo, unha tarxeta de crédito).</p>	<p>Sen comisión anual por emisión ou mantemento.</p>
<p>Condições en que poden modificarse os gastos antes mencionados relacionados co Contrato de Crédito.</p>	<p>As Condições da Tarxeta de Crédito pódense modificar polo Banco comunicándocho (por correo electrónico ou outro medio de comunicación electrónica ou telemática equivalente) cunha antelación mínima de dous (2) meses respecto da data de aplicación de calquera proposta de modificación contractual e, en particular, as que afecten a tipo de xuro, comisións ou gastos repercutibles da tarxeta.</p> <p>Así e todo, poderanse aplicar de maneira inmediata todas aquelas modificacións que che resulten inequivocamente máis favorables.</p> <p>Se non comunicas ao Banco a túa desconformidade con anterioridade á data en que os cambios entren en vigor, entenderemos que estás conforme. En caso de non estar conforme coa modificación, poderás resolver o Contrato e liquidar a túa débeda nas mesmas condicións que ata agora sen ningún custo adicional.</p> <p>As presentes condicións poden ser modificadas polo Banco, quen procederá a comunicar previa e individualmente ao Titular calquera modificación contractual e en particular as que afecten a tipos de xuro, comisións ou gastos repercutibles da tarxeta.</p> <p>No caso de elevación do tipo de xuro ou de calquera modificación que afecte á alza ao custo do crédito, o Titular será informado sobre a razón válida que move ao Banco a realizala (por exemplo, un incremento de custos de financiamento).</p> <p>Toda modificación proposta polo Banco será notificada ao Titular cunha antelación non inferior a dous meses respecto da data de aplicación proposta. Así e todo, poderanse aplicar de maneira inmediata todas aquelas modificacións que resulten inequivocamente máis favorables para o Titular. Considerarase que o Titular aceptou as modificacións en caso de que non notificase ao Banco a súa non aceptación con anterioridade á data en que os cambios entren en vigor. A citada comunicación individualizada poderá realizarse por correo electrónico ou outro medio de comunicación electrónica ou telemática equivalente, sendo de aplicación, non obstante, o réxime de comunicación acordado entre as partes no Contrato <i>Multicanal</i>, no seu caso.</p>
<p>Custos en caso de pagamentos atrasados. A non realización dun pagamento poderá carrexarlle graves consecuencias e dificultar a obtención dun crédito.</p>	<p>No suposto de impagamento polo Titular, o Banco reserva o dereito a:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Bloquear temporalmente a tarxeta principal e as adicionais como consecuencia dos impagamentos. • Xirar á Conta Corrente de Domiciliación Recibos de importe inferior á débeda impagada e/ou en data distinta á pactada. • Modificar a Data de Pagamento para os Períodos de Facturación posteriores, tendo en conta que o Período de Facturación inmediatamente seguinte ao impagamento podería, en consecuencia, verse reducido significativamente. En todo caso, comunicarase previamente ao Titular a nova Data de Pagamento. Unha vez volvas estar ao corrente de pagamentos, poderá ser modificada de novo por mutuo acordo, segundo o previsto na cláusula anterior;

Custos en caso de pagos atrasados.

A non realización dun pagamento poderá carrexarlle graves consecuencias e dificultar a obtención dun crédito.

- Repercutir o gasto por reclamación de cota impagada que se indica nas Condicións económicas do contrato de Tarxeta de Crédito Aplazame. En caso de producirse impagamento dun Recibo, e polos custos da xestión da recuperación da débeda impagada, repercutirase ao cliente un importe de 25 euros polo primeiro Período de Facturación impagado, e de 35 euros por cada un dos seguintes Períodos de Facturación en que permaneza o impagamento sempre que o saldo impagado non sexa o mesmo. Este gasto non será repercutido naqueles casos en que a débeda sexa inferior a 400€. Os gastos e xestións asociados ao primeiro Período de Facturación impagado poden consistir en:
 - Gastos fixos de estrutura e de plataformas internas (persoal, calidade, infraestrutura, licenzas, desenvolvemento, mantemento...).
 - Gastos derivados de plataformas específicas vinculadas á acción extraxudicial de recobramento de débeda:
 - Contactos telefónicos e intentos de contacto
 - SMS con recordatorios da devolución do recibo, información de contacto con Wizink e medios para saldar débeda.
 - Carta informativa da súa situación de impagamento e lembrando, se procede, que ten un seguro de pagamentos contratado.
 - Carta avisando de que Wizink non conseguiu contactar co cliente en situación de impagamento e facilitando datos de contacto.
 - Carta recordatoria de que se atopa en situación de impagamento e informando dos medios que ten para solucionar a súa débeda.
- E para os seguintes Períodos de Facturación en que permaneza o impagamento, ademais:
- Carta certificada informativa comunicando a cancelación definitiva da Tarxeta de Crédito por acumular catro Recibos impagados.
 - Carta informativa lembrando que se regulariza a débeda evitaría unha acción xudicial.
- Este gasto xerarase, liquidarase e deberá ser pagado unha soa vez por cada Recibo vencido e reclamado, a partir do cuarto día dende que se produza o impagamento, non podendo reiterarse para un mesmo saldo impagado aínda que se manteña en distintos Períodos de Facturación, pero si se poderá repercutir en Períodos de Facturación sucesivos se hai variación no saldo impagado. A repercusión deste gasto enmárcase nas accións de comunicación realizadas polo Banco co obxecto de reconducir o pagamento da débeda, a cuxo fin o Banco vese obrigado a destinar recursos persoais e materiais. O gasto é incompatible con outras penalizacións polo mesmo concepto.
- Emitir recibos á Conta Corrente de Domiciliación polo importe correspondente ao Pagamento Mínimo se o Titular Principal non aboase o importe elixido baixo a modalidade de pagamento establecida antes da finalización do seguinte Período de Facturación. Nesta circunstancia, o Banco poderá continuar xirando recibos polo importe correspondente ao Pagamento Mínimo mentres o Titular non aboe todas as cantidades pendentes de pagamento, en cuxo momento volveremos xirar os recibos de acordo coa forma de pagamento que tiña establecida.

<p>Custos en caso de pagos atrasados. A non realización dun pagamento poderá carrexarlle graves consecuencias e dificultar a obtención dun crédito.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Cancelar o/os Servizo/s Adicional/ais de Pagamento Aprazado, se este/s se contratase/n. En caso de impagamento, emitiremos recibos polo importe correspondente ao Pagamento Mínimo. Así e todo, antes da cancelación e dado que as cotas dos Servizos Adicionais de Pagamento Aprazado forman parte do Importe a Pagar de cada Recibo así como do Pagamento Mínimo, en caso de impagamento dalgún Recibo, o Banco poderá proceder de calquera das formas indicadas, se ben ata que se proceda á cancelación dos Servizos Adicionais de Pagamento Aprazado manterase inalterado o calendario de amortización inicialmente acordado, sen proceder a cargar o saldo pendente dos Servizos Adicionais de Pagamento Aprazado no importe rotativo da Tarxeta. • Cargar ou compensar os importes debidos derivados do uso da Tarxeta, en calquera conta á vista ou depósito prazo aberto ao seu nome no Banco. • Dar por vencidos de forma anticipada outros produtos que o Titular poida ter contratados co Banco, conforme ao previsto nos seus termos e condicións. • Ofrecer un acordo de aprazamento da débeda pendente. • Deixar sen efecto calquera oferta ou aboamento promocional que puidese facer. <p>Considerarase incumprimento grave o impagamento de polo menos catro Recibos nas correspondentes Datas de Pagamento. Neste suposto, o Banco poderá cancelar a Tarxeta de Crédito, declarar vencido e esixible o Contrato e reclamar, incluso xudicialmente, o importe total da débeda pendente (calquera cantidade que nos debas, derivada da utilización da Tarxeta de Crédito ou dos Servizos Adicionais de Pagamento Aprazado).</p>
--	---

4. Outros aspectos xurídicos importantes

<p>Dereito de desistencia. Tes dereito a desistir do Contrato de Crédito nun prazo de 14 días naturais</p>	<p>Si.</p>
<p>Reembolso anticipado. Tes dereito a reembolsar anticipadamente o crédito total e parcialmente en calquera momento.</p>	<p>Si.</p>
<p>Consulta dunha base de datos. O prestamista ten que informalo de inmediato e sen cargo do resultado dunha consulta dunha base de datos se se rexeita a solicitude de crédito sobre a base dunha consulta dese tipo. Isto non se aplica se a difusión desa información está prohibida por unha lei ou polo Dereito da Unión Europea ou é contraria aos obxectivos de orde pública ou da seguridade pública.</p>	<p>No proceso de análise de risco crediticio consúltanse ficheiros de solvencia económica e riscos de crédito. Tamén poderán ser consultados ficheiros para prever o fraude. En caso de que a solicitude sexa rexeitada, o Titular será informado, de forma gratuíta, a través de carta e/ou correo electrónico.</p>

<p>Dereito a un proxecto de Contrato de Crédito.</p> <p>Tes dereito, previa petición, a obter de forma gratuíta unha copia do proxecto de Contrato de Crédito. Esta disposición non se aplicará se, no momento da solicitude, o prestamista non está disposto a celebrar contigo o Contrato de Crédito.</p>	<p>Si</p>
<p>Glosario de termos utilizados.</p>	<p>Data de Pagamento: a data elixida polo cliente na que se procederá ao cargo do importe a pagar indicado no Extracto.</p> <p>Data de Liquidación: último día do Período de Facturación.</p> <p>Recibo: o importe pagadeiro que che xiraremos para cargar na túa Conta Corrente de Domiciliación, derivado da utilización da túa Liña de Crédito calculada en atención á modalidade de pagamento elixida, o que inclúe xuros, comisións e gastos e, no seu caso, as cotas correspondentes aos Servizos Adicionais de Pagamento Aprazado contratados, así como as primas de seguros contratados se se reportasen, e calquera outro importe excedido sobre o Límite da Liña de Crédito.</p> <p>Crédito Disposto Total: é o Principal Disposto máis os xuros, primas de seguros de pagamentos, comisións e gastos reportados no Período de Facturación, así como os correspondentes a Períodos de Facturación anteriores que se encontren pendentes e, no seu caso, as cotas dos Servizos Adicionais de Pagamento Aprazado e o importe pendente de pagamento destes servizos, así como os importes impagados de Períodos de Facturación anteriores. Á suma destas cantidades réstaselle o importe do recibo pagado do mes anterior, así como calquera outro aboamento realizado durante o Período de Liquidación.</p> <p>Principal Disposto: é o importe utilizado da Liña de Crédito mediante Transaccións, deducidos os aboamentos tras aplicalos segundo a orde de imputación de pagamentos.</p> <p>Transaccións: pagamentos de bens e servizos, disposicións de efectivo en caixeiros automáticos e disposicións por transferencia de efectivo, que se poden realizar con cargo á Liña de Crédito.</p> <p>Período de Facturación: período que recolle os movementos (cargos e aboamentos) da Conta de Tarxeta, que se indicará en cada Extracto, incluíndo os días primeiros e último do Período indicado. O Período de Facturación non ten por que coincidir co mes natural. En atención á Data de Pagamento elixida polo cliente, establecerase a primeira Data de Liquidación mensual e, a partir de aí, determinaranse os períodos mensuais sucesivos comprendidos entre cada unha das Datas de Liquidación mensual.</p>

<p>Glosario de termos utilizados.</p>	<p>Pagamento Mínimo: importe que se calcula mensualmente como a maior das seguintes cifras: i) 40€ ou ii) a cifra que resulte da suma dos seguintes conceptos na Data de Liquidación:</p> <ul style="list-style-type: none"> • O Pagamento Mínimo de Períodos de Facturación anteriores, se estivesen impagados; máis • A cota dos Servizos de Pagamento Aprazado, máis • Os xuros, comisións e gastos, e primas de seguros de pagamentos reportados no Período de Facturación, máis • 2,5% do Principal Disposto <p>No suposto de que, por aplicación do cálculo anterior, o Pagamento Mínimo resulte 40€, ademais dos conceptos anteriores inclúiranse importes de xuros, comisións e gastos, primas de seguros de pagamentos e Principal Disposto correspondentes a Períodos de Facturación anteriores que se atopen pendentes.</p> <p>No caso de que se produzan excedidos sobre o Límite da Liña de Crédito, nos conceptos anteriores inclúiranse os importes que de cada un deles puidesen estar nesa situación, e ademais poderá estar incluído no Pagamento Mínimo a parte de Principal Disposto que resulte excedida sobre o Límite da Liña de Crédito, así como importes de xuros, comisións e gastos, e primas de seguros de pagamentos correspondentes a Períodos de Facturación anteriores que se atopen pendentes.</p> <p>Conta Corrente de Domiciliación: conta corrente nunha entidade de crédito distinta de WiZink que nos indicaras para os efectos de cargar os Recibos.</p>
--	--

5. Información adicional en caso de comercialización a distancia de servizos financeiros

a) Revisión ao prestamista

Identidade.	WiZink Bank, SAU
Enderezo.	Ulises, 16-18, Madrid
Rexistro mercantil.	Rexistro Mercantil de Madrid, T. 12.468, libro 0, folio 178, sección 8, folla nº M-198598.
A autoridade de supervisión.	Banco

b) Relativa ao Contrato de Crédito

Exercicio do dereito de desistencia.	O Titular poderá, durante os 14 días naturais seguintes á celebración do contrato, desistir deste sen custos adicionais dirixindo notificación escrita ao domicilio social do Banco, procedendo á devolución da tarxeta. O Titular neste caso virá obrigado a reembolsar as cantidades dispostas e o xuro acumulado sobre estas ata a data de reembolso, mediante pagamento total dentro dos trinta días naturais seguintes a aquel no que se comunique a cancelación.
Lexislación que o prestamista acepta como base para o establecemento de relacións contigo antes da celebración do Contrato de Crédito.	Lexislación española.

b) Relativa ao Contrato de Crédito

Lexislación aplicable que rexe en relación co Contrato de Crédito e/ou tribunal competente.	O presente contrato rexerese pola lei e xulgados españois, aos que as partes se someten de forma expresa.
Réxime lingüístico	A información e os termos contractuais facilitaranse en castelán co seu consentimento salvo acordo expreso entre ambas partes. Durante a duración do Contrato de Crédito, o Banco comunicarase co Titular en castelán.

c) Relativa ao recurso

Existencia e acceso aos procedementos extraxudiciais de reclamación e recurso	<p>No caso de que o Titular queira presentar unha queixa ou reclamación, debe dirixirse por escrito ao Servizo de Atención ao Cliente do Banco e cuxo domicilio se atopa na rúa Ulises 16-18, 28043, Madrid, ou ao enderezo de correo electrónico (reclamaciones@wizink.es).</p> <p>O prazo máximo para a resolución de queixas e reclamacións sobre un servizo de pagamento é de 15 días hábiles. Se a reclamación non é sobre un servizo de pagamento, o prazo é de 1 mes se o reclamante é consumidor residente na Unión Europea e 2 meses se é consumidor non residente na Unión Europea ou non consumidor.</p> <p>Transcorrido o prazo sen que o Servizo de Atención ao Cliente ditase a súa resolución, ou en caso de desconformidade co pronunciamento, o Titular poderá dirixirse ao Servizo de Reclamacións de Banco de España, entidade supervisora do Banco e cuxo domicilio se atopa na rúa Alcalá, 48, 28014 Madrid, ante o cal os clientes poden presentar cantas queixas ou reclamacións teñan. Para acceder a este servizo, o Titular deberá presentar previamente a súa reclamación ao Servizo de Atención ao Cliente do Banco.</p>
--	---

Esta información será válida por un prazo máximo e improrrogable de 14 días naturais dende a súa data de expedición.

Declaro expresamente que recibín a presente Información Normalizada Europea sobre o Crédito ao Consumo para a Tarxeta de crédito Aplazame, con antelación suficiente, permitíndome adoptar unha decisión informada sobre a subscripción do contrato.

Data:

Nome e apelidos: